

| | |
|---------------|--|
| EXPEDIENTE: | 2024/00034922P |
| PROCEDEMENTO: | Aprobación das bases de subvencións (FP) |

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31 de decembro de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Concesión dos Premios a excelencia empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela. III edición.

A proposta é do seguinte teor literal:

INFORME PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA CONCESIÓN DOS PREMIOS DA III EDICIÓN DE PREMIOS A EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

I ANTECEDENTES

Visto o informe de fiscalización 1605/2024 relativo á FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA DO EXPEDIENTE RELATIVO Á **APROBACIÓN DA CONCESIÓN DOS PREMIOS DA III EDICIÓN DE PREMIOS A EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** emítase o presente informe por parte do CX 34 do Concello de Santiago, posto que se acepta o reparo subsanando a continuación os distintos aspectos obxecto de reparo:

No informe de fiscalización punto B. 1. Indícase

“ Se acredita que os beneficiarios están a corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a incorporación dos documentos que permiten verificar ditas circunstancias (certificados vixentes coa AEAT, SS, ATRIGA e Concello de Santiago de Compostela).

Sen embargo, non consta ou non podemos atopar:

- o certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa ATRIGA de Beatriz López González

- o certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa AEAT de Almudena Rodríguez Giráldez

O expediente está composto por un total de 41 documentos máis 37 expedientes relacionados, algúns dos cales figuran ata 4 veces repetidos mais con documentación

diferente en cada un deles, polo que é preciso revisar todos, coa ineficiencia que esto provoca. Todo elo pode conlevar que a documentación esencial que non se verifica neste apartado, figure deslabazada nalgún outro destes expedientes relacionados, ou ben incorrectamente identificada. Sen embargo, tampouco figura da documentación que o centro xestor prepara aos efectos da fiscalización do expediente.

É preciso reiterar a necesidade dunha axeitada parametrización dos expedientes de subvencións, de modo que todos os centros xestores do Concello, e os propios beneficiarios, incorporen a documentación de igual forma. No artigo 70.1 da Lei 39/2015, se define o expediente administrativo como o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala.

A remisión do expediente en tales condicións, dificulta e demora a súa fiscalización, así como entendemos, tamén a tramitación do propio centro xestor, situación especialmente complicada nas datas de peche do exercicio orzamentario”

En relación á subsanación destes puntos este centro xestor informa:

- 1. En relación ao exposto no relativo ao certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa ATRIGA de Beatriz López González,** este centro xestor revisada a documentación presentada pola empresa constata que se cometeu un erro na súa revisión, dando por presentado este certificado e informando o expediente como completo, cando non era así. Dado o carácter urxente da necesidade de tramitación do expediente polas datas do ano nas que nos atopamos, esta oficina, previa consulta coa ATRIGA, contacta coa empresa para solicitarlle xa non a presentación dun certificado actual de non ter débedas coa ATRIGA, que non solventaría o erro cometido por esta oficina, senón a solicitude á ATRIGA dun certificado que acredite que na data de finalización de presentación de solicitudes desta convocatoria a empresa interesada non tiña débedas. A empresa presenta este certificado, que se incorpora ao expediente, con data 18 de decembro de 2024 e número de rexistro 2024074659.
- 2. En relación ao exposto no relativo o certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa AEAT de Almudena Rodríguez Giráldez** este fora xa presentado con número de rexistro 2024059543 con data 7 de outubro de 2024
- 3. En relación ao exposto no relativo á parametrización dos expedientes** este centro xestor concorda coa necesidade exposta polo departamento de Intervención en relación á necesidade de mellorar a parametrización dos expedientes de subvencións, algo que ao non existir agora mesmo dificulta o traballo igualmente deste centro xestor e

a propia presentación de documentación por parte das empresas, que acaban presentando gran parte da documentación como aportación voluntaria de documentación polas dificultades coas que se atopan para entender a presentación e máis proceder á carga de documentos. Algo que condiciona o exposto precisamente no informe de fiscalización punto C.2. cando se dí “ *Aínda que ao tratarse de premios non se achega ningunha conta xustificativa, en relación coa documentación a presentar con data límite de 1 de outubro, segundo a convocatoria, sen embargo, en relación co expediente de PREFAPP CLOUD CONSULTING, aínda que inicialmente se presenta en prazo, consta a achega de documentación con data posterior á establecida na convocatoria, sen que conste requirimento realizado a tal efecto polo responsable do expediente. O mesmo acontece cos expedientes de SACAUNTOS S. COOP. Galega, Almudena Rodríguez Giráldez, Sixtema, María Jesús Pardo Iglesias e I-Gratre*” Moitas das empresas optaron pola aportación voluntaria de documentación con posterioridade á presentación de solicitudes polas dificultades coas que se atoparon. .

II CONSIDERACIÓNS

1. A Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local; establece no seu artigo 3.3 b) que non se considerará como exercicio de novas competencias a continuidade das actividades xa establecidas en exercicios anteriores, caso no que enmarca a presente liña de actividades.

O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support (lanzado no ano 2011), Compostela Activa (lanzado no ano 2001) ou Rede de Cooperación Local (lanzado no ano 2005) todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora, á creación de novas empresas, á mellora da competitividade empresarial e á dinamización socioeconómica do municipio.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a promoción da creación de emprego, a formación e mellora profesional, a creación de empresas e o

autoemprego a través de programas de formación, dinamización da actividade económica, encontro comercial e axudas dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade destas liñas de axudas ao establecemento da actividade empresarial non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

A aportación propia precisa para a execución das actividades realízanse con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademais unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia, organismo co que a raíz do convenio asinado para a Industrialización de Compostela se traballa de xeito coordinado.

A falta dunha lei que determine o camiño a seguir con estas competencias que non poden considerarse no actual marco legal, propias, delegadas nin de novo exercicio consideramos que ao non comprometer a sustentabilidade financeira do Concello e ao non supoñer reiteración ou duplicidade sobre accións da Xunta de Galicia debería dársele continuidade a estas accións.

2.- Marco normativo:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa que modifica o réxime xurídico da bases de datos nacional de subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Resolución de 10 de decembro de 2015, da intervención xeral da administración do estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no sistema nacional de publicidade de subvencións (BOE núm. 299 do 15/12/2015)
- Bases de execución do orzamento de 2024, do Concello de Santiago.

Achegase a este informe a documentación de cada empresa premiada ou recibidora de mención.

3.- Procedemento seguido

Santiago está actualmente inmersa no proceso de implementación da súa Axenda Urbana 2030, e tanto na diagnose do documento coma nas aportacións realizadas polos distintos axentes económicos, sociais e cidadanía, coma no Plan de Acción elaborado para a posta en marcha da mesma aparecen recurrentemente temáticas e retos intimamente ligados aos valores e potencial da economía social e da economía circular:

- A diversificación da economía para a consecución da transformación estrutural e de maiores niveis de produtividade a través do desprazamento intersectorial e intrasectorial dos recursos, que dependerá da creación de marcos e incentivos axeitados, investimentos e reformas políticas encamiñadas a reducir os custos de comercialización, a aplicación de políticas de apoio ao proceso de adaptación e reasíncronización de recursos a novas actividades e a porta en marcha de iniciativas públicas para cubrir as deficiencias do mercado, das políticas e das institucións.
- A Compostela do futuro ten que anticiparse aos retos no eido da sustentabilidade ambiental, da transición enerxética, da circularidade e do cambio climático.
- O envellecemento poboacional, que necesitará de iniciativas que permitan garantir a calidade de vida da nosa poboación, a súa autonomía e coidado.
- A necesidade de apostar por modelos de xestión empresarial capaces de favorecer e capturar o talento nas súas organizacións, ofrecendo postos de traballo atractivos, que permitan a conciliación aos seus traballadores e traballadoras, algo que os modelos empresariais de economía social como as cooperativas teñen sido pioneiros.

- Os retos que expón o acceso á vivenda, ámbito no cal as cooperativas de vivenda foron claves no desenvolvemento da nosa cidade.
- A necesaria aposta polo sector cultural como elemento vertebrador do territorio, que constrúe identidade e no que tan importantes son as cooperativas no noso territorio.
- A necesaria aposta pola inclusión sociolaboral da diversidade, tanto sector cultural como elemento vertebrador do territorio, que constrúe identidade e no que tan importantes son as cooperativas no noso territorio.

E urxente pois facilitar e recoñecer ao tecido empresarial do municipio a adopción de boas prácticas que permitan a consecución destes retos en materia de economía circular, economía social, conciliación e igualdade, innovación e promoción do ámbito cultural para conquistar unha mellor aplicación dos principios rectores das Axendas 2030 e da Axenda Urbana Española no noso territorio.

Con esta finalidade se deseña esta convocatoria de premios que ten como obxecto “premiar ás empresas que se houberan distinguido polas boas prácticas no campo da conciliación laboral e familiar, economía circular, innovación, comercialización en produtos e servizos culturais, economía social, retención do talento e retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e, tamén,”

2.- No marco desta liña de traballo e trala aprobación o 12 de xullo de 2022 en Pleno da Corporación do Plan de Acción da Axenda Urbana 2030 lanzarase a terceira edición dos PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con un orzamento de 60.000,00€ “ estando recollido o crédito de 60.000,00€ preciso para a mesma na partida aplicación 020 43300 4790100 dos Orzamentos Municipais do Concello de Santiago para o ano 2024.

3. As bases reguladoras da III edición dos premios á excelencia empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela modifican en relación ás de 2023 froito do proceso de codeseño desta convocatoria coas entidades integrantes do Consello Económico e Social, cambios que podemos resumir nos seguintes:

3.1. Incorpórase á definición da finalidade dos premios *“fomentar o intraemprendemento na empresa, o desenvolvemento de ideas de negocio viables nas que se poña en valor un desenvolvemento sostible, como elemento que contribúe a acadar a viabilidade e consolidación empresarial”*

3.2. Incorpórase como criterio de valoración a perspectiva de xénero.

Engácese tamén como membro do xurado á concelleira responsable de promoción económica.

3.- As bases da III EDICIÓN DOS PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 foron aprobadas con data 26 de Agosto de 2024 pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela e o seu extracto foi

publicado no BOP da provincia da Coruña con data de foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 2 de setembro de 2024, sendo o prazo de solicitude das axudas dende o día seguinte ao da publicación no BOP Coruña do extracto deica o 1 de outubro de 2024.

Segundo as bases da convocatoria o obxecto dos Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela é premiar as empresas que se tiveran distinguido polas boas prácticas no campo da conciliación laboral e familiar, da economía circular, da innovación, da comercialización en produtos e servizos culturais, dos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, das boas prácticas de empresas de economía social e, tamén, das boas prácticas que apostan por reter, atraer ou mellorar o talento..

No punto terceiro das bases recóllese e relación ás categorías:

Convócanse os Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela nas seguintes categorías:

3.1 Boas prácticas en materia de conciliación.

3.2 Boas prácticas en materia de economía circular.

3.3 Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

3.4 Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

3.5 Boas prácticas de empresas de economía social.

3.6 Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

3.7 Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030.

Cada categoría contará con un premio por importe de 6.000 euros, o que resultará un total de 42.000 euros en premios. Haberá, tamén, nove mencións para as finalistas en cada categoría por importe de 2.000 euros, o que resultará nun total de 18.000 euros en mencións.

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda.

As empresas premiadas poderán facer mención da dita condición en carteis, documentos, anuncios e memorias, especificando o ano da convocatoria, así como difundir e facer publicidade de tal condición en medios de comunicación, páxinas web e redes sociais.

Os premios poderán ser declarados desertos.

4.- Con data de 28 de outubro de 2024 ás 12:00 horas **reúnese** a través de videoconferencia o Xurado nomeado e convocado para a citada convocatoria, en

Xunta de Goberno con datas de 21 e 28 de outubro de 2024, coa presenza de Dna Goretti Sanmartín Rei quen actúa de presidenta do Xurado, asisten ademáis:

- En representación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Dna Sandra Becerra Vidal.
- En representación da Asociación Área Empresarial do Tambre, José Manuel Beceiro Deus
- En representación da entidade Espazo Coop. Dna María de los Ángeles Barreiro Vilas
- En representación da Universidade de Santiago de Compostela, D. Eva López Barrio
- En representación da dirección executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela Dna. María Cadaval Sampedro
- En representación do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Santiago Dna. Carme Casado Casado, quen segundo o establecido nas bases da convocatoria actúa como secretaria da comisión.

*Tal e como se recolle na acta do Xurado **Rematado o prazo de solicitudes, e revisadas as solicitudes presentadas, rexístranse un total de 37 candidaturas, das cales 36 cumpren cos requisitos da convocatoria. Estando estas 36 todas elas completas na data de reunión deste xurado tras terse procedido nos casos precisos aos oportunos requerimentos de documentación e aportación da documentación solicitada por parte das empresas candidatas, coa seguinte relación de participantes por categoría:***

1. Boas prácticas en materia de conciliación.

- PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

- SACAUNTOS S COOP GALEGA

- ABELURIA S COOP GALEGA

2. Boas prácticas en materia de economía circular.

- CRISTINA NEIRA VEIGA

- SANDRA VILLAVERDE DE FRANCISCO

- RAQUEL SENRA FERNÁNDEZ

- ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ

- *I-GRAPE LABORATORY, S.L.*

- *MARÍA JESÚS IGLESIAS PRADO*

3. Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

- *PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.*

- *SIXTEMAS*

- *ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ*

4. Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais.

- *MAOS INNOVACIÓN SOCIAL S COOP GALEGA*

- *BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ*

- *SANDRA VILLAVERDE DE FRANCISCO*

- *SACAUNTOS S COOP GALEGA*

- *ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ*

- *URDIME S COOP GALEGA*

- *7H S COOP GALEGA*

- *MARÍA JESÚS IGLESIAS PRADO*

5. Boas prácticas de empresas de economía social.

- *MAOS INNOVACIÓN SOCIAL S COOP GALEGA*

- *CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S COOP GALEGA*

- *ILLA BUFARDA S COOP GALEGA*

- *COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.*

- *SACAUNTOS S COOP GALEGA*

- ABELURIA S COOP GALEGA

- URDIME S COOP GALEGA

- 7H S COOP GALEGA

6. *Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.*

- BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ

- PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

- SANDRA VILLAVERDE DE FRANCISCO

- ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ

7. *Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030.*

- PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

- SANDRA VILLAVERDE DE FRANCISCO

- RAQUEL SENRA FERNÁNDEZ

- ABELURIA S COOP GALEGA

1) Segundo o establecido no punto 4 das bases da convocatoria:

Para as categorías 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.6 valorarase as boas prácticas das empresas atendendo ós seguintes criterios:

4.1 Criterios económicos conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>)

4.2 Criterios no ámbito social conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>).

4.3 Criterios no medio ambiente conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>).

4.4 Grao de utilización na empresa da lingua galega.

Para a categoría 3.7 valorarase a boa práctica da empresa atendendo ós seguintes criterios:

4.1 Criterios económicos: O impacto da boa práctica presentada no modelo de negocio da empresa. Valorarase a innovación na actividade, no deseño dos produtos, nos procesos produtivos; a internacionalización das operacións; o incremento porcentual das vendas nos tres últimos exercicios; a mellora na carteira de produtos e servizos.

4.2 Criterios no ámbito social: A promoción do desenvolvemento individual e profesional do persoal da empresa a través de plans de formación, promoción e perfeccionamento profesional; a conciliación persoal, familiar, e laboral; o emprego feminino, a igualdade e a diversidade (persoas lgtbi+, persoas migrantes e refuxiadas, persoas de etnia xitana ou persoas con discapacidade funcional); plans de estabilidade laboral.

4.3 Criterios no medio ambiente: Implantación de sistemas de análise, xestión e avaliación medioambiental; establecemento de medidas de aforro de enerxía, reciclaxe e transporte alternativos para a redución de custos; implantación de protocolos para a redución dos residuos xerados; accións de comunicación e divulgación da política medioambiental da empresa.

4.4 Grao de utilización na empresa da lingua galega.

Tras as deliberacións oportunas o Xurado acorda conceder os seguintes premios:

Na categoría Boas prácticas en materia de conciliación.

Premio á empresa ABELURIA S COOP GALEGA

Mención á empresa SACAUNTOS S COOP GALEGA

Na categoría Boas prácticas en materia de economía circular.

Premio á empresa I-GRAPE LABORATORY, S.L.

Na categoría Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

Premio á empresa - SIXTEMAS

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

Na categoría Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

Premio á empresa BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ

*Mención as empresas MARÍA JESÚS IGLESIAS PRADO e
SACAUNTOS S COOP GALEGA.*

Na categoría Boas prácticas de empresas de economía social.

*Premio á empresa CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S
COOP GALEGA*

Mención á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.

*Na categoría Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer,
reter ou mellorar o talento.*

Premio á empresa ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

Quedan desertas o resto de mencións así como o premio na categoría de “Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030

5.- Revisada a totalidade da documentación concluímos:

1. Que a totalidade das empresas propostas para premios ou mención cumpren cos requisitos establecidos na base 2ª para ser beneficiaria da subvención.
2. Que non figura ningún desestímulo de ningúnha persoa solicitante.
3. Que a totalidade das persoas solicitantes se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.
4. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos para que a súa candidatura sexa valorada polo xurado dacordo co seu libre criterio segundo se establece na base 7ª.
5. Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as empresas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.
6. Non ten sido ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións contra ningunha das empresas beneficiarias.
7. Non ten sido acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ás empresas beneficiarias, referidos á mesma subvención.

6.- Incorpórase ao expediente con data de 5 de novembro de 2024 certificado expedido polo Secretario do Concello de Santiago no se pon de manifesto que:

En relación ás empresas propostas polo xurado da III EDICION PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para premio ou mención:

1. *Que a totalidade das empresas propostas polo xurado para premio ou mención cumpren cos requisitos establecidos para ser beneficiaria da subvención.*
2. *Que non figura ningún desestimento de ningúnha persoa solicitante.*
3. *Que a totalidade das persoas solicitantes se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.*
4. *Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos para que a súa candidatura sexa valorada polo xurado dacordo co seu libre criterio segundo se establece ns bases.*

Con data de 28 de outubro ás 12:00 horas reúnese a través de videoconferencia o Xurado nomeado para a citada convocatoria, achéganse decretos de nomeamento e convocatoria do mesmo a este acta, coa presenza de Dna Goretti Sanmartín Rei quen actúa de presidenta do Xurado, asisten ademáis:

- *En representación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Dna Sandra Becerra Vidal.*
- *En representación da Asociación Área Empresarial do Tambre, José Manuel Beceiro Deus*
- *En representación da entidade Espazo Coop. Dna María de los Ángeles Barreiro Vilas*
- *En representación da Universidade de Santiago de Compostela, D. Eva López Barrio*
- *En representación da dirección executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela Dna. María Cadaval Sampedro*
- *En representación do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Santiago Dna. Carme Casado Casado, quen segundo o establecido nas bases da convocatoria actúa como secretaria da comisión.*

Tralas deliberacións oportunas en base aos criterios que se establecen na base 4ª, o Xurado acorda conceder os seguintes premios:

Tralas deliberacións oportunas o Xurado acorda conceder os seguintes premios:

Na categoría Boas prácticas en materia de conciliación.

Premio á empresa ABELURIA S. COOP. GALEGA

Mención á empresa SACAUNTOS S. COOP. GALEGA

Na categoría Boas prácticas en materia de economía circular.

Premio á empresa I-GRAPE LABORATORY, S.L.

Na categoría Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

Premio á empresa SIXTEMAS

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

Na categoría Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

Premio á empresa BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ

Mención as empresas: MARÍA JESÚS IGLESIAS PARDO e SACAUNTOS S. COOP. GALEGA

Na categoría Boas prácticas de empresas de economía social.

Premio á empresa CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA

Mención á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.

Na categoría Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

Premio á empresa ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L.

Cada Premio está dotado con 6.000,00 euros e cada mención con 2.000,00 euros

Quedan desertas o resto de mencións así como o premio na categoría de “Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030 “

- 5. Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as empresas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.*
- 6. Non ten sido ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións contra ningunha das empresas beneficiarias.*

Non ten sido acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ás empresas beneficiarias, referidos á mesma subvención

PROPOSTA

Á vista de canto antecede propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aceptar o reparo realizado no informe 1590/2024 de fiscalización, procedendo á subsanación do expediente

SEGUNDO: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

Na categoría Boas prácticas en materia de conciliación.

Premio á empresa ABELURIA S. COOP. GALEGA con CIF F70557947 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa SACAUNTOS S. COOP. GALEGA con CIF F70486741 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de economía circular.

Premio á empresa I-GRAPE LABORATORY, S.L con CIF. B70421797 por importe de 6.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

Premio á empresa SIXTEMAS (SIXTEMA PROYECTOS DE INFORMACIÓN SL) con CIF B15986771 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. con CIF B70584503 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

Premio á empresa BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ con CIF 35313920L por importe de 6.000,00 euros

Mención as empresas: MARÍA JESÚS IGLESIAS PARDO con CIF 44811871M por importe de 2.000,00 euros e SACAUNTOS S. COOP. GALEGA con CIF F70486741 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas de empresas de economía social.

Premio á empresa CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA con CIF F15715683 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. con CIF B15467962 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

Premio á empresa ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ con CIF 36135318H por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. con CIF B70584503 por importe de 2.000,00 euros

TERCEIRO: Estas axudas, que suman un total de 48.000 euros, van con cargo con cargo á partida con cargo á aplicación orzamentaria 020 43300 4790100 dos orzamentos municipais para o ano 2024 do Concello de Santiago de Compostela

CUARTO:: Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas

QUINTO: Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento dos premios e mencións indicadas e á liberación do crédito sobrance na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2024/1563 e con resultado Fiscalización de conformidad.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aceptar o reparo realizado no informe 1590/2024 de fiscalización, procedendo á subsanación do expediente

SEGUNDO: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

Na categoría Boas prácticas en materia de conciliación.

Premio á empresa ABELURIA S. COOP. GALEGA con CIF F70557947 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa SACAUNTOS S. COOP. GALEGA con CIF F70486741 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de economía circular.

Premio á empresa I-GRAPE LABORATORY, S.L con CIF. B70421797 por importe de 6.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

Premio á empresa SIXTEMAS (SIXTEMA PROYECTOS DE INFORMACIÓN SL) con CIF B15986771 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. con CIF B70584503 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

Premio á empresa BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ con CIF 35313920L por importe de 6.000,00 euros

Mención as empresas: MARÍA JESÚS IGLESIAS PARDO con CIF 44811871M por importe de 2.000,00 euros e SACAUNTOS S. COOP. GALEGA con CIF F70486741 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas de empresas de economía social.

Premio á empresa CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA con CIF F15715683 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. con CIF B15467962 por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

Premio á empresa ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ con CIF 36135318H por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. con CIF B70584503 por importe de 2.000,00 euros

TERCEIRO: Estas axudas, que suman un total de 48.000 euros, van con cargo con cargo á partida con cargo á aplicación orzamentaria 020 43300 4790100 dos orzamentos municipais para o ano 2024 do Concello de Santiago de Compostela

CUARTO:: Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas

QUINTO: Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento dos premios e mencións indicadas e á liberación do crédito sobrante na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria.